

HISTORIA POSTAL TUDENSE

Ernesto Iglesias Almeida

Cronista Oficial da Cidade de Tui

Posto que este ano se lle dedica o Día das Letras Galegas ao ilustre tudense, e amigo da nosa familia naqueles anos tudenses, don Xosé María Álvarez Blázquez polo seu amplo labor en pro da cultura galega, hoxe vou tratar sobre un deses aspectos que el tamén o fixo, refírome ao da Filatelia, do cal temos unha curiosa obra que foi pioneira no seu tempo sobre este tema. Trátase do libro, feito conxuntamente co filatelista vigués don Manuel Lago Martínez, *Presencia de Galicia en los sellos*, saído do prelo en Vigo no ano 1965.

Desde que existiron organizacións gobernamentais, para o seu bo funcionamento, tiveron necesidade de comunicarse cos diferentes puntos da súa administración e para iso tiveron que crear os correos.

Tui, como camiño obrigado entre o norte e o sur da Gallaecia, importante núcleo de poboación polo que pasaba a vía XIX, do emperador Constantino unindo as capitais de Braga coa de Lugo, xa desde estes tempos dos Romanos deberon existir correos oficiais.

Para non arredarnos demasiado no tempo centraremos este noso traballo nas citas históricas onde, con toda seguridade, sabemos da existencia dos correos na cidade de Tui.

Non se ten constancia da data do ordenamento postal de España, ou sexa desde que os correos estiveron a disposición de todo tipo de xentes. As primeiras marcas postais de orixe coñecidas en Galicia, unhas letras G^a, parecen datar do ano 1728.

A primeira cita tudense dos correos remóntase ao ano 1681, nunha das actas da Xunta do Reino de Galicia¹, nas que o deputado de Tui, Ponce de León, declaraba nunha carta que acusaba recibo doutra que á súa cidade lle mandaran por man dunha tal Rosa no correo que pasaba por Baiona.

Do 12 de xaneiro de 1754 é unha carta da cidade de Tui dirixida ao Alcalde Maior da Audiencia da Coruña, queixábanse de que o correo se detivese nas cidades tan pouco tempo, ¡soamente seis horas! Na resposta do 9 de febreiro indicábaselle que a queixa fora trasladada ao administrador Xeral de Correos, morador en Santiago de Compostela, don Xoán Francisco de Ence y San Pedro, o cal deu resposta á súa vez o 12 de febreiro, dicindo que as poucas horas que lles reservaban aos de Tui para contestar as cartas recibidas de cada valixa dependía da irregularidade no andar dos correos debido ás inclemencias

do tempo. Os correos de Castela chegaban os venres pola noite e o máis cedo os xoves pola tarde. Deseguida despachábase para Pontevedra. Argumentaba dicindo que se o correo se detiña vinte e catro horas en Tui non podería chegar a Santiago con tempo para remitilas na valixa de Castela. Engadía que se querían que se detivesen máis tempo deberían remitilas eles mesmos directamente a Pontevedra ou Santiago, e indo directamente ao correo chegaría moito antes.

O concello tudense non se conformou con esta resposta e, en 4 de setembro de 1756, reclamou de novo diante do Capitán Xeneral de Galicia dicindo que estaban incómodos porque a estafeta dos correos chegaba a Tui os sábados ás nove da mañá no verán e aínda máis tarde no inverno, sempre con irregularidade, ademais de atrasar o reparto das cartas, o domingo saía ás dez cara a Pontevedra.

Engadíán que como en Tui había autoridades de toda clase e en Pontevedra non, non obstante, alí detíñanse de xoves a venres, querendo os de Tui que se fixese ao contrario, invertendo o tempo, pondo a saída de Pontevedra o xoves pola noite, pare eles ter máis tempo para as respostas.

O gobernador mostrouse conciliador e mandou que o encargado da estafeta de Santiago enviase o condutor cun parte no que se puxese a hora á que saía, e que fixese o mesmo o administrador de Pontevedra para que non se detivese máis do tempo necesario e chegando a Tui puxese a hora de chegada, todo isto para investigar a quen se debía culpar polos atrasos.

Nun plano dunha parte das murallas de Tui do ano 1762, conservado no Arquivo Histórico do Exército de Madrid, figura o nome de don Ventura Arias de Puga como administrador dos correos na cidade, o caso foi porque usurpara un terreo que era do rei, de servizo propio das defensas da muralla, que estaba tras e nun lado da súa casa que era a antiga dos Correa no cabo da rúa Corredera, onde hoxe vemos unhas palmeiras.

Despois da guerra de independencia contra os franceses, nun manuscrito, datado no ano 1810, reproducido por Fernández-Xesta², e asinado polo secretario da Xunta de Defensa de Galicia, señor Rivadeneyra, indícase a maneira en como era a organización dun servizo de “corredores montados” a través da liña A Coruña-Betanzos-Guitiriz-Lugo, cunha nova instalación dunha liña que saía de Betanzos a Santiago e Tui, con que os itinerarios de postas aseguraban xa dende entón unha comunicación norte sur (Mondoñedo-Betanzos, Betanzos-Tui), (fig. 1). O documento contén toda sorte de precisións: que os que levaran as cartas terían que facer o servizo por quendas, e ao que lle tocase debería ter o cabalo enselado día e noite para estar prestos a montalo, cando fose preciso terían que facer uso da súa corneta para avisar dende lonxe que viñan correndo e con moita présa.

Tui, pola súa situación na fronteira, sempre estivo irmandada a Portugal. O dito que o Miño une e non separa sempre foi unha realidade entre as xentes das dúas bandas.



Figura 1

O gran tráfico que de sempre levou a centenaria Ponte Internacional, proporcións gardadas, dános unha idea do que foran na antigüidade os portos fluviais de Tui e de Valença do Minho a través das súas barcas de pasaxe.

Quixeramos resaltar a importancia que na antigüidade tiveron as vías fluviais como medio de comunicación para o transporte de todo o tipo de mercadorías, precisamente nos tempos en que as estradas eran poucas e de non bo tránsito. A súa seguridade e economía seguen sendo, aínda hoxe en día, de grande utilidade na ampla rede de canais que atravesan toda Europa.

Dos antigos portos tudenses, dous correspondían ás barcas portuguesa e galega. A primeira, da cámara municipal de Valença, traballaba xunto a vella Ponte da Veiga na parroquia de San Bartolomeu de Rebordáns; a outra barca, que era do cabido da catedral de Tui, traballaba no chamado Porto de Santa Baia, na parte de abaixo do actual parador de turismo. Entre as mercadorías que transitaban nelas tamén había as sacas dos correos dos dous países, e tamén delas temos algunha noticia.

Nos mediados do ano 1837, e por motivo da ocupación de Valença polas tropas do barón de Leiría, o tránsito entre as dúas orelas estivo seriamente restrinxido, ficando soamente para os funcionarios e os correos que debían pasar. Deste xeito protestaba o barqueiro, un tal Luís Teixeira, en carta dirixida ao cabido da catedral, como arrendador da barca de pasaxe, na súa demanda para que se lle fixese unha rebaixa no prezo do arrendamento, pois desde o 18 de xullo ata o 7 de setembro do dito ano estivera sen traballar e que as poucas persoas e os correos que por alí pasaran estaban exentas de pago³.

O mesmo Luís Teixeira, en data de 27 de decembro de 1846, fai unha nova petición de rebaixa ao cabido, nela expón as súas dificultades de semellantes circunstancias referentes ao peche da barca, pero nesta vez non podendo pasar nin os correos e comunicacións nacionais⁴. Este tempo de peche comezara o 21 de outubro ata o 5 novembro, e cun pase pola retribución de oito reais de vellón, que poucos podían pagar, ata o 4 de decembro.

Nos datos postais achegados por García Pascual na súa obra sobre as marcas postais de Galicia⁵, na actual provincia de Pontevedra, as administracións de correos, como tales oficinas principais, eran as seguintes: Pontevedra, administración subalterna de 3ª categoría dependente da principal de Ourense. Correos por Santiago, Ourense e Vigo, tres días por semana. Fora Caixa principal do Reino; Tui, administración subalterna de 4ª clase dependente da principal de Ourense. Correos por A Guarda, Ourense e Vigo, tres días por semana. Fora Caixa principal do Reino; Vigo, administración subalterna de 4ª clase dependente da principal de Ourense. Correos por Ourense, Pontevedra e Tui, tres días por semana. Fora Caixa principal do Reino.

Na carta de Correos e Postas das catro provincias galegas, trazada pola Dirección Xeral de Correos no ano 1863, as postas que circulaban pola provincia de Pontevedra




Figura 19

dra facían a cabalo a Tui, as cartas procedentes de Pontevedra e Vigo chegaban vía Pontearreas, e desde este mesmo punto as que viñan de Ourense pasando pola Cañiza. Logo desde Tui ían ata A Guarda e desde esta, por correo a pé ata Santa María de Oia.

AS MARCAS POSTAIS E MATASELOS

As primeiras marcas postais, das que xa temos feito mención, son as letras Gª. Seguindo o xa citado traballo de García Pascual esta marca da Gª de Tui (fig. 2) impresa en negro, sería a primeira marca de orixe de Tui, e está datada no ano 1758. Estas marcas eran as que indicaban o lugar de onde saían as cartas. Neste caso sería o de Galicia.

Outra marca co nome de Galicia xunto co de Tui (fig. 3), feita en cor vermella, correspondería aos anos 1783-1798; en cor negra iría 1787-1806.



Figura 2



Figura 3



Figura 4



Figura 5



Figura 6



Figura 7



Figura 8

Freijanes Domínguez⁶ no seu traballo achega dúas novas de Tui: unha co nome de GALICIA (fig. 4) que circulou polos anos 1785-1787; a outra cos nomes de TUY/ GALICIA (fig. 5) que circulou polos anos 1787-1799.

Continuando co catálogo de García Pascual, outra marca de GALICIA/ TUY cun tipo de letra un pouco máis grande (fig. 6), marca en cor vermella usada nos anos 1790-1811.

Outra nova marca cos nomes de GALICIA/TUY dentro dun círculo (fig. 7), tamén en vermello, circulou nos anos 1810-1825.

Outra derradeira marca de GALICIA/TUY, cunha coroa enriba e unhas palmas debaixo, tamén dentro dun círculo (fig. 8), primeiro en cor vermella circulou nos anos 1827-1842, e despois en azul nos anos 1833-1841.

Xa para rematar con este tipo de marcas de orixe que circularon antes da aparición dos primeiros selos españois (1850), citaremos o tipo chamado “Baeza”, polo nome do Director Xeral de Correos que o ideou para toda España, era de forma circular, levando o número correspondente á rexión, neste caso o 16 para Galicia, e os nomes da oficina da vila e o da rexión, logo no centro a data do día, mes e ano (fig. 9) este de Tui circulou en cor vermella os anos 1842-1854, en verde desde 1844-1845.

Outro tipo de marcas prefilatélicas son as chamadas de “franquicia”. Nestes anos, normalmente as cartas pagábanas os que as recibían. Polos anos 1823-1848 apareceu a novidade de que a carta fora paga polo remitente, entón a carta levaba o nome de “Franca”, ou sexa que ía franca de porte. As correspondentes a Tui son as seguintes: T/ FRANQUEADO (fig. 10), era de cor vermella e circulou nos anos 1823-1824.

A mesma marca da coroa coas palmas e o nome de FRANCO/ TUY dentro do círculo (fig. 11), circulou en vermello e en azul os anos 1834-1842.

Unha derradeira marca que foi común para moitos sitios é a de FRANCO (fig. 12) que circulou en vermello os anos 1842-1848 e en verde o ano 1845.

Outra das marcas era a de abono, establecida por acordos entre os correos e outros estamentos oficiais. Levaba sinxelamente un A, a correspondente a Tui é a (fig. 13) en azul nos anos 1857-1860 e en negro desde 1861.

Xa, para rematar con este tipo de marcas, dado que Tui era posto fronteirizo por onde chegaba o correo de Portugal tiña tamén as chamadas de tránsito (fig. 14) que neste caso pon administración de cambio co prezo no centro e o nome de Tui.

Soamente para coller os mataselos dos primeiros anos da filatelia ata rematar o século XIX tomaremos nota dos chamados Roda de Carreta e das marcas xerais. A primeira, a roda de carreta, como o seu nome indica eran circulares en forma de roda, levan o número correspondente á cidade capital de provincia. Na provincia de Pontevedra leva o número 39. Como excepción á regra nesta provincia tamén tiñan roda de carreta as cidades de Tui e Vigo dado que no primeiro caso por ser oficina de cambio con Portugal, e en Vigo porto de embarque e recepción de correspondencia do exterior.

A roda de carreta de Tui leva o número 62, existindo impresa en negro e en azul (fig. 15), e a de Vigo o número 60.

Do chamado “Fechador” de 1857, o de Tui tiña dous modelos, un normal co nome da cidade e o da provincia de Pontevedra, e outro levaba o da cidade e o de España. Como exemplo do mesmo mostramos unha carta con saída de Tui, o 30 de decembro de 1859, pasando por Pontearreas, con destino a Ribadavia, e chegando alí ao día seguinte (fig. 16).



Figura 9



Figura 10



Figura 11



Figura 12




Figura 13



Figura 14




Figura 15



Figura 16



Figura 17



Figura 18

Dous exemplos curiosos do correo tudense son unha marca de certificado descuberta por Lago Martínez⁷ co signo O (fig. 17). Trátase dun correo saído do xulgado de Tui o 1º de xuño de 1852. O outro é unha desas tantas cartas que saían do bispado de Tui cara a Roma (fig. 18) publicada por García Pascual⁸.

NOTAS

- 1 Fernández Villamil, Enrique (1962): *Juntas del Reino de Galicia*. Madrid: Consejo de Investigaciones Científicas, tomo III.
- 2 Fernández-Xesta, Armando (1995): *Estudio postal sobre el Ejército y las guerras de España*. A Coruña: Sociedad Filatélica de La Coruña. Col. Militar 85 vol. I: Época prefilatélica.
- 3 Papeis soltos da Barca de Pasaxe. Arquivo da Catedral de Tui.
- 4 *Ibidem*. Carta do 27 de decembro de 1846: “[...] Luis Teixeira, vecino de Tuy arrendatario de la barca de pasaje a Portugal acude a V. S. Y. con esta atenta solicitando y dice que habiendo prohibido la comunicación con aquel reyno por coincidencia de los trastornos políticos en el quedó privado no solo de trabajar con su barca sino obligado a permanecer en el pueblo con sus criados por no pasar los correos y comunicaciones del servicio nacional. Esta rigurosa incomunicación que principiò el 21 de octubre subsistió hasta el 5 de noviembre y desde este día aunque se permitiò no fue sino con un pase por la retribución de 8 reales vellón cada vez que muy pocos podían satisfacer y este estado permaneciò con todo rigor hasta el 4 de diciembre”.
- 5 García Pascual, Andrés (1976): *Marcas Postales de Galicia (hasta 1870)*. A Coruña. Monografías de *Porteo*, núm. 1.
- 6 Freijanes Domínguez, José (1992): “Historia Postal de Tuy”, *Exfgalicia. Catálogo da Mostra de Tui 27 xuño-4 xullo*.
- 7 Lago Martínez, Manuel (1980): “Un nuevo hallazgo sobre historia postal de Tuy”, *Ex.f.in, tuy-80. Exposición 1er Centenario Puente internacional. Catálogo*. Tui.
- 8 García Pascual, Andrés. 2001: “Historia postal de Galicia”, *Mostra Historia postal de Galicia “San Martiño 2001”*, *Día das Letras Galegas*. Noia: Grupo Filatélico e Numismático de Noia.